



CONSULTA PREVIA ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE FERROL

ANTECEDENTES

O Concello de Ferrol presta, dende hai anos, o servizo de teleasistencia domiciliaria.

É vontade da concellería de Benestar Social continuar coa prestación deste servizo, dirixido a persoas en situación de risco e especial vulnerabilidade que vivan soas ou en compañía doutras persoas en similares características.

Faise necesario aprobar unha normativa específica reguladora do funcionamento do servizo municipal de teleasistencia, para garantir a súa correcta prestación ás persoas usuarias .

OBXECTIVOS DA NORMA E PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

O obxectivo do regulamento proxectado é desenvolver, no ámbito competencial do Concello de Ferrol, unha normativa que permita proporcionar ao servizo de teleasistencia un marco de seguridade xurídica desexable; isto é, dotar ao servizo dun marco normativo específico, estable, completo e transparente que, entre outras cuestións, regule os dereitos e deberes das persoas usuarias así como o contido, organización e financiamento do servizo.

NECESIDADE DA SÚA APROBACIÓN

A necesidade da aprobación do regulamento ven motivada polo disposto no artigo 312 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 33 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de Servizos das Corporacións locais.

SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Non existe actualmente unha norma reguladora do servizo de teleasistencia no Concello de Ferrol, polo que a elaboración e aprobación do regulamento é a única alternativa posible se se quere dotar a este servizo dun marco xurídico axeitado.

Considérase que a opción existente na actualidade, o uso por analogía da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Ferrol, non é a solución idónea xa que se trata de dúas prestacións diferentes.

En cumprimento do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos **INFÓRMASE QUE**

No prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no portal web do Concello de Ferrol, os suxeitos e as organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, poderán opinar sobre os aspectos sinalados no citado artigo 133.1 da citada Lei 39/2015.

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de
Benestar Social e Patrimonio Histórico

A xefa de Servizo de Benestar
Social, Igualdade e Xuventude